



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15016000	Compostela	Santiago de Compostela	2018/2019

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesiós semanais	Horas anuais	Sesiós anuais
MP0210	Organización da atención ás persoas en situación de dependencia	2018/2019	4	123	123

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANA MARÍA NEIRA BEADE
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este deseño curricular corresponde ao módulo profesional ORGANIZACIÓN DA ATENCIÓN AS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA do Ciclo Medio ATENCIÓN AS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA, pertencente a Familia Profesional SERVIZOS SOCIOCULTURAIS E Á COMUNIDADE.

O perfil profesional do título de técnico en atención a persoas en situación de dependencia determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

A competencia xeral deste título consiste en atender as persoas en situación de dependencia no ámbito domiciliario e institucional, co fin de manter e mellorar a súa calidade de vida, realizando actividades asistenciais e non asistenciais, psicosociais e de apoio á xestión doméstica, aplicando medidas e normas de prevención e seguridade, e derivándoas a outros servizos en caso necesario.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan:

- a) Determinar as necesidades asistenciais e psicosociais da persoa en situación de dependencia mediante a interpretación da información obtida acerca da persoa a través do plan de atención individual, respectando a súa confidencialidade.
- b) Organizar as actividades de atención ás persoas en situación de dependencia, favorecendo a súa colaboración e a da familia, e tendo en conta as directrices establecidas no plan de atención individualizada.
- c) Realizar as tarefas de hixiene persoal e vestidura das persoas en situación de dependencia, achegando a axuda precisa, favorecendo ao máximo a súa autonomía nas actividades da vida diaria e mantendo cara a elas unha actitude de respecto e profesionalidade.
- d) Organizar a intervención relativa á alimentación, supervisando os menús, preparando os alimentos e administrándoos en caso necesario.
- e) Xestionar a documentación básica e o orzamento da unidade de convivencia, cun óptimo aproveitamento dos recursos e asegurando a viabilidade da xestión económica.
- f) Realizar as actividades de mantemento e limpeza do domicilio, garantindo as condicións de habitabilidade, hixiene e orde, con criterios de calidade, seguridade e coidado do ambiente e, de ser o caso, tramitando a documentación pertinente.
- g) Realizar as intervencións relacionadas co estado físico das persoas en situación de dependencia, seguindo as pautas establecidas e amosando en todo momento respecto pola súa intimidade.
- h) Realizar os traslados, as mobilizacións e o apoio á deambulación das persoas en situación de dependencia, empregando os protocolos e as axudas técnicas necesarias, seguindo as pautas marcadas no plan de atención individual (PAI) e adoptando medidas de prevención e seguridade.
- i) Aplicar medidas de prevención e seguridade tanto para as persoas en situación de dependencia como para o persoal profesional, en distintos ámbitos de intervención.
- j) Dar resposta a situacións de emerxencia e risco para a saúde no desenvolvemento da actividade profesional, aplicando técnicas de primeiros auxilios.
- k) Pór en práctica intervencións de apoio psicosocial, empregando axudas técnicas, apoios de comunicación e tecnoloxías da información e da comunicación, e seguindo as pautas marcadas no plan de atención individual.
- l) Aplicar técnicas e estratexias para o mantemento e o desenvolvemento das habilidades de autonomía persoal e social das persoas en situación de dependencia, empregando axudas técnicas e de comunicación consonte as pautas marcadas no plan de atención individual.
- m) Realizar tarefas de acompañamento e asistencia persoal, respectando as directrices do plan individual de vida independente e as decisións da persoa usuaria.
- n) Asesorar persoas en situación de dependencia, familiares e persoal coidador non formal, proporcionándolles pautas de actuación no coidado e na atención asistencial e psicosocial, e adecuando a comunicación e as actitudes ás características das persoas interlocutoras.
- ñ) Resolver as continxencias con iniciativa e autonomía, amosando unha actitude autocrítica e procurando alternativas para favorecer o benestar das persoas en situación de dependencia.
- o) Colaborar no control e no seguimento das actividades asistenciais, psicosociais e de xestión domiciliaria, cubrindo os rexistros oportunos, manexando as aplicacións informáticas do servizo e comunicando as incidencias detectadas.



- p) Xestionar as chamadas entrantes e saíntes do servizo de teleasistencia, recibíndoas e emitíndoas segundo os protocolos establecidos, utilizando aplicacións informáticas e ferramentas telemáticas.
- q) Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos, actualizando os seus coñecementos, utilizando os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e as tecnoloxías da información e da comunicación.
- r) Actuar con responsabilidade e autonomía no ámbito da súa competencia, organizando e desenvolvendo o traballo asignado, e cooperando ou traballando en equipo con diferentes profesionais no contorno de traballo.
- s) Resolver de xeito responsable as incidencias relativas á súa actividade, e identificar as súas causas, dentro do ámbito da súa competencia e da súa autonomía.
- t) Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
- u) Aplicar os protocolos e as medidas preventivas de riscos laborais e protección ambiental durante o proceso produtivo, para evitar danos nas persoas, no contexto laboral e no ambiente.
- v) Aplicar procedementos de calidade e de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.
- w) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa, e ter iniciativa na súa actividade profesional.
- x) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación vixente, participando activamente na vida económica, social e cultural.

As persoas que obteñan este título van exercer a súa actividade profesional ou voluntaria no sector dos servizos ás persoas, de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Coidador/ora de persoas en situación de dependencia en institucións e/ou domicilios.
- Coidador/ora en centros de atención psiquiátrica.
- Xerocultor/ora.
- Gobernante/a e subgobernante/a de persoas en situación de dependencia en institucións.
- Auxiliar responsable de planta de residencias de maiores e persoas con discapacidade.
- Auxiliar de axuda a domicilio.
- Asistente de atención domiciliaria.
- Traballador/ora familiar.
- Auxiliar de educación especial.
- Asistente persoal.
- Teleoperador/ora de teleasistencia.

Podemos valorar con estes datos como na localización do Título de Técnico/a en Atención a Persoas en Situación de dependencia na cidade de Santiago de Compostela as administracións educativas tiveron en conta as seguintes consideracións:

1. As medidas establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como o aumento de persoas da terceira idade, fai previsible unha alta inserción laboral e unha tendencia de crecemento estable.
2. A diminución de coidadores informais no ámbito familiar derivada da situación socioeconómica e laboral das familias ha redundar tamén nunha maior empregabilidade das persoas con esta titulación.
3. O forte crecemento dos servizos de atención diúrna que se observa vai requirir profesionais con maior competencia e versatilidade na realización de actividades de apoio psicosocial.
4. A asistencia para a autonomía persoal, que aparece como sector emerxente, exige profesionais con competencias relacionadas coa función de acompañamento.



5. A progresiva implantación das novas tecnoloxías fai necesaria unha actualización permanente neste campo, para se adaptar aos cambios que se vaian introducindo nas institucións e no propio domicilio.

Cunha duración de 123 horas, o módulo profesional de Organización da atención a persoas en situación de dependencia facilitaralle ao alumnado a formación necesaria para desempeñar as funcións de colaboración na organización da intervención, a intervención e a execución, e de prevención e seguridade, que se realizan nos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia, no relativo ao apoio asistencial e psicosocial, e na xestión doméstica.

A función de organización da intervención ten un carácter de colaboración con outro persoal profesional, responsable directo de realizar esta función.

A función de intervención e execución abrangue aspectos como:

- Recollida de información.
- Organización da propia actuación.
- Aplicación de axudas técnicas.
- Desenvolvemento da actuación.
- Aplicación de estratexias de intervención.
- Control, seguimento e avaliación das actividades.
- Elaboración da documentación asociada.
- Información e comunicación ás persoas usuarias e a outras persoas.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Atención de carácter asistencial e psicosocial ás persoas en situación de dependencia.
- Apoio na xestión doméstica.
- A función de prevención e seguridade abrangue aspectos como:
 - Aplicación da normativa correspondente.
 - Uso de equipamentos de protección individual e colectiva.
 - Xeración de áreas seguras.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Atención de carácter asistencial e psicosocial ás persoas en situación de dependencia.
- Apoio na xestión doméstica.

A formación do MÓDULO MP0210, Organización da atención a persoas en situación de dependencia, contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), j), ñ), o), p), q), r), u), w) e x) do ciclo formativo, e as competencias a), b), i), m), n), ñ), o), r), t) e u) do mesmo.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Análise dos tipos de servizos e de institucións que se dirixen á promoción da autonomía e a atención ás persoas en situación de dependencia.
- Análise de plans de atención individualizados e determinación das intervencións apropiadas para os levar a cabo.
- Organización de recursos materiais en función das necesidades das persoas a quen se dirixa a intervención e dos posibles contextos en que se teña que desenvolver a actuación.
- Elaboración de documentos de seguimento das persoas en situación de dependencia.
- Traballo en grupo.
- Autoavaliación do traballo realizado.



A superación deste módulo permite ao alumnado a acreditación das seguinte unidade de competencia:

UC1016_2: preparar e apoiar as intervencións de atención ás persoas e ao seu contorno no ámbito institucional indicadas polo equipo interdisciplinar.

Esta UC capacita ao alumando para traballar en varios ámbitos que están moi presentes na nosa Comunidade, na provincia e na contorna de Santiago de Compostela, contexto socioeconómico de influencia do CIFP Compostela.

Co desenvolvemento da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e o aumento de persoas da terceira idade fan previsible unha alta inserción laboral e a tendencia a un crecemento estable, máis nesta cidade, onde a poboación está bastante envellecida. Nesta lei crease a figura do/a asistente persoal e as persoas do Foro de Vida Independente reclaman a súa absoluta necesidade para apoiar ás persoas con diversidade, sendo sen dúbida un nicho de traballo máis dos/as futuros/as Técnicos/as de Atención ás persoas en situación de dependencia, a través desta figura como promoción da autonomía persoal e social dos/as destinatarios/as deste recurso.

Outro nicho de traballo importante nesta cidade son sen dúbida os centros de día e as residencias e macrorresidencias para persoas maiores, só temos que pensar en Geriatros e Sarquavitae onde resultará especialmente útil a UC desde módulo xa que a organización das intervencións é sempre importante pero cobra especial relevancia nas institucións de amior tamaño onde o equipo interdisciplinar é moi numeroso, con varias quendas a coordinar, etc.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Benestar social e atención á dependencia.	Nesta unidade analizaremos o marco normativo e organizativo da atención á dependencia en España e Galicia, así como os diferentes servizos, organismos, institucións e recursos dos que dispoñemos para atender ás persoas en situación de dependencia.	15	10
2	Atención ás persoas en situación de dependencia.	Nesta unidade analizaremos os equipamentos para a atención ás persoas en situación de dependencia. O equipo interdisciplinar. Papel do TAPSD nos equipos interdisciplinares.	20	15
3	A organización da intervención.	Nesta unidade analizaremos: Os métodos de traballo na atención ás persoas en situación de dependencia. Plan de atención individualizado. Plan individual de vida independente. A necesidade de organizar a intervención.	20	15
4	A accesibilidade e a participación.	Nesta unidade analizaremos: Importancia do entorno na autonomía das persoas. Accesibilidade e adaptacións para a vida in-dependente. Edifícios e instala-cións destinados a persoas en situación de dependencia.	23	20
5	Recursos para favorecer a accesibilidade.	Nesta unidade analizaremos: Moblaxe adaptada. Axudas técnicas. Normativa de prevención e seguridade. Entomas seguras.	20	15
6	Documentación para a prestación de servizos.	Nesta unidade analizaremos: Documentación para organizar a atención. Expediente individual. Rexistro de información. Técnicas e instrumentos. Aplicacións informáticas de xestión e control.	15	15
7	Documentación para a organización persoal e do equipo.	Nesta unidade analizaremos: Documentos para o control do traballo. Rexistro, clasificación, arquivo e transmisión da información.	10	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Benestar social e atención á dependencia.	15

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Interpreta programas de atención ás persoas en situación de dependencia, tendo en conta a relación entre o modelo organizativo e de funcionamento e o marco legal.	NO
RA4 - Xestiona a documentación básica da atención a persoas en situación de dependencia en relación cos obxectivos da intervención.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Comparouse a normativa en materia de atención ás persoas en situación de dependencia nos ámbitos comunitario, estatal, autonómico e local.
CA1.2 Descríbense os modelos e os servizos de atención ás persoas en situación de dependencia.
CA1.7 Identifícanse as funcións do persoal técnico en atención a persoas en situación de dependencia no equipo interdisciplinar das institucións e nos servizos para a atención ás persoas en situación de dependencia.
CA4.9 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara á participación, interese e responsabilidade na realización das distintas actividades do módulo.
0CA4.10 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara ao uso axeitado dos espazos, materiais, TICs e tempos.
CA4.11 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara a todos os membros da comunidade educativa.

4.1.e) Contidos

Contidos
Marco legal da atención ás persoas en situación de dependencia: ámbito europeo, estatal, autonómico e local.
Modelos e servizos de atención ás persoas en situación de dependencia. Principios que rexen a atención ás persoas en situación de dependencia. Sistema para a autonomía e a atención á dependencia (SAAD): finalidade, prestacións e servizos. Rede de servizos
Papel do persoal técnico en atención ás persoas en situación de dependencia nos equipos interdisciplinares.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Atención ás persoas en situación de dependencia.	20

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Interpreta programas de atención ás persoas en situación de dependencia, tendo en conta a relación entre o modelo organizativo e de funcionamento e o marco legal.	NO
RA4 - Xestiona a documentación básica da atención a persoas en situación de dependencia en relación cos obxectivos da intervención.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Identifícanse os requisitos e as características organizativas e funcionais que deben cumprir os servizos de atención ás persoas en situación de dependencia.
CA1.4 Descríbense as estruturas organizativas e as relacións funcionais tipo dos equipamentos residenciais dirixidos a persoas en situación de dependencia.
CA1.5 Descríbense as funcións, os niveis e os procedementos de coordinación dos equipos interdisciplinares dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia.
CA1.6 Identifícanse os recursos humanos necesarios para garantir a atención integral das persoas en situación de dependencia.
CA1.8 Argumentouse a importancia dun equipo interdisciplinar na atención ás persoas en situación de dependencia.
CA4.9 Actúese mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara á participación, interese e responsabilidade na realización das distintas actividades do módulo.
CA4.10 Actúese mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara ao uso axeitado dos espazos, materiais, TICs e tempos.
CA4.11 Actúese mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara a todos os membros da comunidade educativa.

4.2.e) Contidos

Contidos
Institucións e organismos relacionados coa cultura de vida independente. Programas de apoio á vida independente e promoción da participación social.
Equipamentos para a atención ás persoas en situación de dependencia: requisitos, organización e funcionamento.
Equipo interdisciplinar nos servizos de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia: composición, funcións, niveis e procedementos de coordinación.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A organización da intervención.	20

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Organiza a intervención coas persoas en situación de dependencia, para o que selecciona as estratexias en función das súas características e das directrices do programa de intervención.	SI
RA4 - Xestiona a documentación básica da atención a persoas en situación de dependencia en relación cos obxectivos da intervención.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense as estratexias de intervención para o desenvolvemento das actividades de atención ás persoas en situación de dependencia.
CA2.2 Interpretáronse correctamente as directrices, as estratexias e os criterios establecidos nun plan de atención individualizado.
CA2.3 Determináronse as intervencións que cumpra realizar para a atención ás persoas en situación de dependencia a partir dos protocolos de actuación da institución correspondente.
CA2.4 Seleccionáronse estratexias para a atención ás persoas en situación de dependencia a partir das súas características e do plan de atención individualizado.
CA2.5 Seleccionáronse métodos de traballo adaptados aos recursos dispoñibles e ás especificacións do plan de traballo ou de atención individualizado.
CA2.6 Estableceuse a secuencia das actividades e as tarefas atendendo ás necesidades da persoa en situación de dependencia e á organización racional do traballo.
CA2.7 Descríbense os principios metodolóxicos e as pautas de actuación do persoal técnico nas tarefas de apoio para a vida independente.
CA2.8 Argumentouse a importancia de respectar os principios de promoción da vida independente e as decisións das persoas usuarias.
CA4.9 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara á participación, interese e responsabilidade na realización das distintas actividades do módulo.
CA4.10 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara ao uso axeitado dos espazos, materiais, TICs e tempos.
CA4.11 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara a todos os membros da comunidade educativa.

4.3.e) Contidos

Contidos
Métodos de traballo na atención ás persoas en situación de dependencia. Metodoloxía de intervención. Estratexias de intervención en función das características da persoa usuaria e do servizo. Protocolos de recepción e acollemento. Observación na promoción
Plan de atención individualizado: características, elementos constitutivos, profesionais que interveñen, distribución de tarefas, horarios e quendas.
Plan individual de vida independente: características, elementos constitutivos e persoas que interveñen.
Apoio persoal para a vida independente.
Apoio persoal no ámbito escolar.
Funcións e tarefas do asistente persoal: metodoloxía de traballo; principios e pautas de actuación.
Plan de traballo do profesional.
Xustificación da necesidade de organización da intervención.





4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A accesibilidade e a participación.	23

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Organiza os recursos necesarios para a intervención, tendo en conta a relación entre o contexto onde desenvolva a súa actividade e as características das persoas en situación de dependencia.	NO
RA4 - Xestiona a documentación básica da atención a persoas en situación de dependencia en relación cos obxectivos da intervención.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse os factores do medio que favorecen ou iniben a autonomía das persoas na súa vida cotiá.
CA3.3 Acondionouse a zona para favorecer a mobilidade e os desprazamentos das persoas en situación de dependencia, así como o seu uso e a súa utilidade.
CA3.5 Aplicáronse os criterios que cumpra seguir na organización de espazos, equipamentos e materiais para favorecer a autonomía das persoas.
CA3.7 Descríronse os recursos do contexto para mellorar a intervención.
CA4.9 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara á participación, interese e responsabilidade na realización das distintas actividades do módulo.
CA4.10 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara ao uso axeitado dos espazos, materiais, TICs e tempos.
CA4.11 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara a todos os membros da comunidade educativa.

4.4.e) Contidos

Contidos
Instalacións e edificios destinados a persoas en situación de dependencia. Deseño arquitectónico de equipamentos destinados a persoas en situación de dependencia. Lexislación sobre requisitos de espazo dos equipamentos residenciais. Condicións e criterios Importancia do medio na autonomía das persoas. O contexto como causa da dependencia. Factores e grao de incidencia nas actividades da vida diaria.



4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Recursos para favorecer a accesibilidade.	20

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Organiza os recursos necesarios para a intervención, tendo en conta a relación entre o contexto onde desenvolva a súa actividade e as características das persoas en situación de dependencia.	NO
RA4 - Xestiona a documentación básica da atención a persoas en situación de dependencia en relación cos obxectivos da intervención.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.2 Recoñeceuse a moblaxe e os instrumentos de traballo propios de cada contexto de intervención.
CA3.4 Identifícouse a normativa en materia de prevención e seguridade para organizar os recursos.
CA3.6 Identifícanse as axudas técnicas necesarias para favorecer a autonomía e a comunicación da persoa.
CA4.9 Actúouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara á participación, interese e responsabilidade na realización das distintas actividades do módulo.
0CA4.10 Actúouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara ao uso axeitado dos espazos, materiais, TICs e tempos.
CA4.11 Actúouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara a todos os membros da comunidade educativa.

4.5.e) Contidos

Contidos
Moblaxe adaptada: características e tipos; materiais e instrumentos de traballo para o seu mantemento.
Accesibilidade e adaptación da área para a vida independente.
Produtos de apoio.
Normativa de prevención e seguridade. Áreas seguras.



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Documentación para a prestación de servizos.	15

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Organiza os recursos necesarios para a intervención, tendo en conta a relación entre o contexto onde desenvolva a súa actividade e as características das persoas en situación de dependencia.	NO
RA4 - Xestiona a documentación básica da atención a persoas en situación de dependencia en relación cos obxectivos da intervención.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.8 Argumentouse a importancia de informar as persoas en situación de dependencia e as súas familias ou o persoal cuidador non formal sobre as actividades programadas, para favorecer a súa participación.
CA4.1 Identifícanse os elementos que debe recoller a documentación básica da persoa usuaria.
CA4.2 Aplicáronse protocolos de recollida da información precisa para coñecer os cambios das persoas en situación de dependencia e o seu grao de satisfacción.
CA4.4 Identifícanse as canles de comunicación das incidencias detectadas.
CA4.5 Integrouse, organizouse e actualizouse toda a documentación, para confeccionar un modelo de expediente individual.
CA4.6 Aplicáronse criterios de actuación que garantan a protección de datos das persoas usuarias.
CA4.7 Utilizáronse equipamentos e aplicacións informáticas para a xestión da documentación e os expedientes.
CA4.8 Valorouse a importancia de respectar a confidencialidade da información.
CA4.9 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara á participación, interese e responsabilidade na realización das distintas actividades do módulo.
0CA4.10 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara ao uso axeitado dos espazos, materiais, TICs e tempos.
CA4.11 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara a todos os membros da comunidade educativa.

4.6.e) Contidos

Contidos
Documentación para a organización da atención ás persoas en situación de dependencia: inventarios e protocolos para a detección de necesidades e reposición de materiais.
Expediente individual: elementos, informes, follas de incidencia, protocolos de actuación individualizados, fichas de control de evolución, follas de seguimento sanitario, etc.
Rexistro da información: técnicas e instrumentos.
Protección de datos de carácter persoal.
Transmisión da información. Partes de incidencias. Informes de evolución. Compilación de observacións directas.



4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Documentación para a organización persoal e do equipo.	10

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Xestiona a documentación básica da atención a persoas en situación de dependencia en relación cos obxectivos da intervención.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.3 Xustificouse a utilidade e a importancia de documentar por escrito a intervención realizada.
CA4.7 Utilizáronse equipamentos e aplicacións informáticas para a xestión da documentación e os expedientes.
CA4.9 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara á participación, interese e responsabilidade na realización das distintas actividades do módulo.
OCA4.10 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara ao uso axeitado dos espazos, materiais, TICs e tempos.
CA4.11 Actuouse mantendo actitudes e comportamentos axeitados de cara a todos os membros da comunidade educativa.

4.7.e) Contidos

Contidos
Documentos para o control do traballo: planificación de persoal, calendarios de quendas e vacacións, inventarios, e fichas de pedidos de servizos de mantemento e reposición de materiais.
Clasificación e arquivo da información: técnicas e instrumentos.
Uso de aplicacións informáticas de xestión e control.



5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBLES:

O Decreto que regula o título de Técnico Medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia, non recolle de forma explícita uns mínimos esixibles como tal. No en tanto, pódese extraer da súa lectura que, ao tratarse de ensinanzas profesionais, os mínimos esixibles para superar o módulo veñen determinados pola consecución dos resultados de aprendizaxe baseados nos criterios de avaliación.

Así pois, os mínimos para acadar a avaliación positiva no presente módulo evidenciarán a consecución de todos os RA dun xeito equilibrado e cun grao de participación activa nos traballos e actividades a desenvolver. Os mínimos serán a referencia para desenvolver as probas de recuperación das partes non superadas, así como as probas de avaliación extraordinaria do alumnado con perda de avaliación continua, e guiarán o proceso de avaliación ordinaria do módulo.

Tal e como se indicou no apartado anterior, os mínimos esixibles para o módulo de Organización da atención as persoas en situación de dependencia son:

RA1. Interpreta programas de atención ás persoas en situación de dependencia, tendo en conta a relación entre o modelo organizativo e de funcionamento e o marco legal vixente.

CA1.2 - Describíronse os modelos e os servizos de atención ás persoas en situación de dependencia.

CA1.3 - Identificáronse os requisitos e as características organizativas e funcionais que deben cumprir os servizos de atención ás persoas en situación de dependencia.

CA1.4 - Describíronse as estruturas organizativas e as relacións funcionais tipo dos equipamentos residenciais dirixidos a persoas en situación de dependencia.

CA1.5 - Describíronse as funcións, os niveis e os procedementos de coordinación dos equipos interdisciplinares dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia.

CA1.6 - Identificáronse os recursos humanos necesarios para garantir a atención integral das persoas en situación de dependencia.

CA1.7 - Identificáronse as funcións do persoal técnico en atención a persoas en situación de dependencia no equipo interdisciplinar das institucións e nos servizos para a atención ás persoas en situación de dependencia.

RA2. Organiza a intervención coas persoas en situación de dependencia, para o que selecciona as estratexias en función das súas características e das directrices do programa de intervención.

CA2.1 - Describíronse as estratexias de intervención para o desenvolvemento das actividades de atención ás persoas en situación de dependencia.

CA2.2 - Interpretáronse correctamente as directrices, as estratexias e os criterios establecidos nun plan de atención individualizado.

CA2.3 - Determináronse as intervencións que cumpra realizar para a atención ás persoas en situación de dependencia a partir dos protocolos de actuación da institución correspondente.

CA2.4 - Seleccionáronse estratexias para a atención ás persoas en situación de dependencia a partir das súas características e do plan de atención individualizado.

CA2.5 - Seleccionáronse métodos de traballo adaptados aos recursos dispoñibles e ás especificacións do plan de traballo ou de atención individualizado.



CA2.6 - Estableceuse a secuencia das actividades e as tarefas atendendo ás necesidades da persoa en situación de dependencia e á organización racional do traballo.

CA2.7 - Describíronse os principios metodolóxicos e as pautas de actuación do persoal técnico nas tarefas de apoio para a vida independente.

RA3. Organiza os recursos necesarios para a intervención, tendo en conta a relación entre o contexto onde desenvolva a súa actividade e as características das persoas en situación de dependencia.

CA3.1 - Identificáronse os factores do medio que favorecen ou iniben a autonomía das persoas na súa vida cotiá.

CA3.2 - Recoñeceuse a moblaxe e os instrumentos de traballo propios de cada contexto de intervención.

CA3.4 - Identificouse a normativa legal vixente en materia de prevención e seguridade para organizar os recursos.

CA3.5 - Aplicáronse os criterios que cumpra seguir na organización de espazos, equipamentos e materiais para favorecer a autonomía das persoas.

CA3.6 - Identificáronse as axudas técnicas necesarias para favorecer a autonomía e a comunicación da persoa.

CA3.7 - Describíronse os recursos do contexto para mellorar a intervención.

RA4. Xestiona a documentación básica da atención a persoas en situación de dependencia en relación cos obxectivos da intervención.

CA4.1 - Identificáronse os elementos que debe recoller a documentación básica da persoa usuaria.

CA4.2 - Aplicáronse protocolos de recollida da información precisa para coñecer os cambios das persoas en situación de dependencia e o seu grao de satisfacción.

CA4.3 - Xustificouse a utilidade e a importancia de documentar por escrito a intervención realizada.

CA4.4 - Identificáronse as canles de comunicación das incidencias detectadas.

CA4.5. Integrouse, organizouse e actualizouse toda a documentación, para confeccionar un modelo de expediente individual.

CA4.6 - Aplicáronse criterios de actuación que garantan a protección de datos das persoas usuarias.

A) AVALIACION DE CONTIDOS CONCEPTUAIS: Realizarase mediante probas teórico-práctica: 60% da cualificación do módulo.

As probas poderán ser escritas e/ou orais, en función da materia a avaliar e serán de diverso tipo: test, preguntas breves, de desenvolvemento, análise e resolución de casos prácticos, análise e comentario de artigos, conclusións e reflexións sobre vídeos ou reportaxes visionados na aula, nos que os alumnos/as reflectirán tanto os seus coñecementos de tipo teórico coma práctico. No caso de que se realice máis dunha proba por trimestre é requisito imprescindible obter unha nota media de 5 puntos entre elas, sendo a cualificación mínima para facer a media 4 puntos. Si o alumno/a non se presentase á proba teórico-práctica, só se admitirá xustificante dun especialista médico por motivos de saúde que certifique a imposibilidade de asistir á proba.

É preciso subliñar que os criterios para avaliar as PROBAS TEORICO-PRACTICAS (escritas e/ou orais) serán os seguintes:

- ¿ Elaboración da totalidade dos apartados solicitados na proba.
- ¿ Organización, estrutura e coherencia das respostas.
- ¿ Os contidos desenvolto polo alumno/a axustáanse aos enunciados das preguntas.
- ¿ Capacidade de seleccionar actividades axeitadas ao contexto e circunstancias.
- ¿ Capacidade de resolución con criterio e rigurosidade dos supostos prácticos propostos
- ¿ Presentación, organización e lexibilidade da proba
- ¿ Emprego dunha linguaxe técnica e precisa.
- ¿ Capacidade de relacionar conceptos e capacidade de análise e síntese.
- ¿ Capacidade do alumno/a para relacionar o estudado, con todo aquilo comentado/visionado (video, DVD) na clase, é dicir, é significativo que non solo nos ciñamos aos apuntamentos e saibamos aplicar o que comentamos na clase á proba.



As datas das probas teórico-prácticas serán fixadas pola profesora unha vez establecido o calendario de avaliación polo centro.

No caso de que o alumno/a empregue medios fraudulentos para aprobar a proba escrita conlevará automaticamente o suspenso da mesma. Así mesmo, non se permitirá a entrada á proba teórico-práctica, unha vez que de comezo a realización da mesma.

B) AVALIACION DE CONTIDOS PROCEDIMENTAIS (30% da cualificación do módulo): serán avaliados a través de traballos de investigación, deseño e proposta de actividades ou obradoiros, etc... que se realizarán mediante actividades individuais e/ou en grupo: suporán un 30% da cualificación.

As actividades e/ou tarefas individuais e en grupo levaráanse a cabo na aula e/ou fóra dela, e deberán ser entregados en tempo e forma acordado, sendo condición imprescindible para obter unha cualificación positiva no módulo.

Non se valorará a entrega de actividades ou traballos individuais ou en grupo en cuxo proceso se empregaran medios fraudulentos, conlevando o suspenso dos mesmos.

Na realización de traballos ou actividades en grupo na aula, ao compoñente que non asista, restaráselle puntuación da nota final do traballo por cada falta de asistencia.

Para a valoración das ACTIVIDADES INDIVIDUAIS se terán en conta os seguintes criterios específicos, elixidos segundo a temática da mesma, pola profesora:

- ¿ Estructuración e organización dos apartados da actividade
- ¿ Profundidade, coherencia, claridade expositiva e rigurosidade na proposta dos contidos presentados.
- ¿ Capacidade de selección, aplicación e axuste dos contidos teóricos traballados á práctica solicitada na tarefa
- ¿ Emprego de terminoloxía axeitada na redacción dos contidos elaborados.
- ¿ Elaboración de todos os apartados solicitados na actividade
- ¿ Ampliación dos contidos traballados mediante a aportación de referencias bibliográficas, páxinas web, videos e/ou outros recursos complementarios
- ¿ Orixinalidade, creatividade na organización, na proposta e/ou recursos da actividade.
- ¿ Viabilidade na práctica.
- ¿ Nivel de expresión escrita.
- ¿ Elección axeitada dos materiais e actividades.
- ¿ Presentación de conclusións e sentido crítico
- ¿ Coidado da estética e presentación da actividade

No caso de que a actividade individual sexa a realización dunha sesión práctica ou se teña que expoñer na aula, a realización da mesma levarase a cabo sen lectura directa, valorándose tamén a capacidade de expresión verbal e o emprego dos termos técnicos estudados na clase, así como a importancia de ter unha comunicación verbal e non verbal axeitada para desenvolver o traballo diario. No suposto caso de que o alumno/a non asistise á sesión práctica ou a exposición conlevaría unha cualificación negativa na valoración de dita actividade.

Si nalgún trimestre non se realizara algunha das actividades (individual ou en grupo) a súa porcentaxe acumularíase á actividade realizada, ou ben engadiríase á proba teórico-práctica conforme ao criterio da docente.

Nas ACTIVIDADES EN GRUPO, ademais dos aspectos recollidos nas actividades individuais valorarase:



Autonomía do grupo para a búsqueda e selección da información.

Utilización de soportes TIC na presentación ou exposición da actividade.

Material aportado polo grupo

Presentación do obradoiro , se fose o caso, dende o punto de vista estético e organizativo.

Aplicación de propostas metodolóxicas axeitadas para a posta en práctica das tarefas ou se fose o caso obradoiros.

Funcionalidade dos rexistros de observación empregados para valorar a actividade e a súa adecuación a cada tramo de idade.

Repartimento das tarefas e a coordinación dos membros do grupo no desenvolvemento das actividades e o coñecemento de todas as partes do mesmo.

Implicación na execución da tarefa e aproveitamento do tempo que fai o alumno/a no desenvolvemento da mesma na aula.

Coordinación na actuación dos membros do grupo e participación dos diferentes membros no desenvolvemento do traballo, así como na súa presentación ante os compañeiros, no caso de que o profesor así o requira.

Queda ao criterio do/da profesor/a cualificar aos distintos membros do grupo cunha nota diferente se estima que a súa implicación e aproveitamento foi insuficiente nalgún caso: ausencias continuas e sen xustificación, incumprimento das directrices aportadas polo docente, erros graves e reiterativos a pesar do asesoramento por parte do/da profesor/a, baixa ou nula implicación nas diferentes fases e apartados para a súa elaboración.

Se o grupo tivese que realizar unha EXPOSICION das actividades, farase según as seguintes consignas:

- ¿ A decisión sobre a parte que corresponde expoñer a cada un dos membros do grupo, será da docente inmediatamente antes da mesma
- ¿ Indicando se fose preciso os materiais necesarios para a súa posta en práctica.
- ¿ Aportación das actividades dos textos entregadas pola profesora e todas aquelas visionadas nos DVDs, videos de clase, así como as dos libros correspondentes a cada avaliación.
- ¿ Nivel de dominio, expresión oral e soltura dos contidos expostos, así como a capacidade de análise e síntesis da información aportada.
- ¿ Emprego de diferentes recursos e exemplos
- ¿ Expresión dos contidos, presentación e realización do resumo da exposición e capacidade de resposta na quenda de preguntas.
- ¿ Realización da exposición sen lectura directa
- ¿ A asistencia as exposicións é OBRIGATORIA para todos os alumnos/as e serán materia obrigatoria das probas teórico-prácticas de cada unha das avaliacións. No suposto caso de que o alumno/a non asistise ás exposicións conlevaría unha cualificación negativa na valoración de dito traballo.

A profesora seleccionará os items pertinentes dos mencionados anteriormente para facer a valoración dos traballos individuais/grupo así como para as exposicións en función do tipo de actividade traballada.

C) AVALIACION DE CONTIDOS ACTITUDINAIS (10% da cualificación do módulo): Para estes contidos valorarase:

- ¿ Responsabilidade no traballo: puntualidade na aula, ou nas actividades realizadas fóra do centro, mostrar interese, aproveitamento do tempo na clase, constancia na execución das tarefas, escoita activa e actitude atenta durante a exposición da profesora, dos compañeiros ou outros profesionais. Aceptación e cumprimento das normas e as responsabilidades asignadas nas actividades da aula. Fai un uso axeitado do móbil na aula: só excepción por urxencia debidamente comunicada e permiso para uso académico.
- ¿ Iniciativa e autonomía: Argumenta as decisións e mostra seguridade na execución das actividades solicitadas, participa na clase e aporta



novas ideas e propostas. Toma decisións e é autosuficiente ante a aparición de problemas ou falta de recursos.

- ¿ Metodoloxía ,orden e pulcritude: realiza e presenta os traballos con pulcritude, emprega os materiais da aula co debido coidado e contribúe a que estén en orden, aporta os apuntamentos e os materiais necesarios para o desenvolvemento das tarefas encomendadas pola docente na aula ou fóra dela.
- ¿ Participación do traballo en equipo: participa activamente no desenvolvemento de actividades e colabora con outras persoas do equipo de traballo facendo propostas e tomando a iniciativa, busca o consenso entre diferentes puntos de vista na toma de decisións.
- ¿ Habilidades sociais , comunicativas: dispoñe de habilidades para comunicarse cos demais cun trato e atención axeitados, acepta os requirimentos da docente referente as súas actitudes e /ou conduta e as reorienta cando é pertinente, diríxese e resposta a profesora e aos compañeiros con respecto e de maneira axeitada. Respeita as diferenzas: móstrase cordial, tolerante coas ideas dos demais e coopera cos diferentes membros do grupo de traballo dos que teña que formar parte. Evita enfrontamentos cos compañeiros da clase.
- ¿ Dada a aplicación práctica do módulo, dicir que en ningún caso superarán a avaliación aqueles alumnos/as que a súa cualificación neste apartado sexa negativa ou inferior a 5. Suporán un 10% da cualificación final do módulo.

SERÁ NECESARIO PARA SUPERAR O MODULO UNHA PUNTUACIÓN MINIMA DE 5, TANTO NA PARTE CONCEPTUAL COMO NA PROCEDIMENTAL E ACTITUDINAL

O alumno/a para acadar a avaliación positiva e polo procedemento de avaliación continua deberá ter unha asistencia regular ás clases. Asemade, para poder practicar o sistema de avaliación continua o alumno/a deberá participar de forma satisfactoria en tódolos proxectos a realizar e acadalos resultados de aprendizaxe nos mínimos estándar establecidos.

Será necesario alcanzar un mínimo (5 puntos) das cualificacións requiridas (tanto en conceptos, procedementos e actitudes) para superar o módulos. A nota obtida na proba final será a que quede reflectida, independentemente das notas parciais obtidas durante o curso, sempre baixo o criterio da docente. É preciso aprobar cada unha das avaliacións para superar o módulo.

O proceso de avaliación supoñerá o emprego dos seguintes instrumentos de avaliación:

- ¿ Cuestionarios, que faciliten a identificación dos coñecementos previos dos alumnos e alumnas ao inicio del módulo.
- ¿ Escalas de estimación, para a avaliación das actividades individuais e/ou de grupo desenvolvidas ao longo das unidades didácticas.
- ¿ Escalas de estimación que avalíen a actitude participativa, o interese e a responsabilidade dos alumnos e das alumnas.
- ¿ Probas individuais escritas (ou orais), nas que figurarán cuestións de diferente tipo: de elección, de resposta curta e/ou de desenvolvemento, casos prácticos, imáxes, fotografías nas que os/as alumnos/as reflectirán tanto os seus coñecementos de tipo teórico coma práctico.

É preciso matizar que na práctica docente, levarase a cabo na aula actividades encamiñadas a clarificar, consolidar ou reforzar os contidos da unidade didáctica que se esté a traballar ou desenvolver. Estas actividades non teñen como finalidade cualificar ao alumno/a senon favorecer os aspectos anteriormente mencionados.

No caso de que o alumno ou alumna non acade unha cualificación positiva nas avaliacións parciais terá a posibilidade de realizar unha proba escrita de carácter teórico-práctico para a súa recuperación.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No caso de que o/a alumno/a non acade unha cualificación positiva nas avaliacións parciais realizará as actividades de recuperación que establecerá o/a profesor/a de forma individualizada atendendo ás características do alumno/a e coa finalidade de acadar os obxectivos do módulo. As actividades de recuperación irán encamiñadas a reforzar e consolidar aspectos relacionados coa realización da proba escrita (dúbdas, orientacións sobre a tematica do módulo) e de ser o caso, a elaboración de actividades, supostos prácticos e tarefas semellantes aos propostos durante o curso.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que teña un número de faltas de asistencia non xustificadas perderá o dereito á avaliación continua. Se o alumnado, por tanto, supera este número indicado de faltas de asistencia perderá o dereito á avaliación continua, comunicándose a través da titora do grupo de xeito formal.

O/a alumno/a que perda o dereito á avaliación continua non terá dereito a ser examinado por avaliacións parciais e polo tanto será avaliado na avaliación final nun único examen; Non obstante o-a alumno-a poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial.

A proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua terá dúas partes, unha será de tipo teórico sobre todos os contidos do módulo.

A parte teórica poderá incluír cuestións de diferente tipo: de desenvolvemento, curtas, de resposta múltiple, de resposta dicotómica, etc), en relación ós contidos do módulo.

Na parte práctica deberá resolver todo o referente aos supostos prácticos relacionados coas unidades do módulo

Para alcanzar unha cualificación positiva na proba extraordinaria é preciso obter 5 (dun máximo de 10 puntos) en cada unha das partes da proba, non podendo realizar unha media entre ambas partes se non se supera cada parte da proba.

O contido e forma das probas serán diferentes das empregadas na avaliación ordinaria segundo o criterio da profesora.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada ao inicio de curso e se entregará unha memoria final de curso.

Para o seguimento mensual utilizarase o modelo do procedemento de Programación establecido (utilizando, se é o caso a plataforma habilitada a tal efecto), que se entregará a xefatura de departamento, xa que dito seguimento e revisión deberá constar nas correspondentes actas de departamento.

Para a memoria final utilizaremos o modelo proporcionado pola xefatura de estudos ao final de curso.

Ademais do recollido no párrafo anterior, o seguimento da programación levarase a cabo de xeito continuo a través do caderno de aula. As anotación recollidas neste facilitaran a realización do seguimento da programación mensual a través da aplicación informática.

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

A avaliación da práctica docente levarase a cabo en varios momentos. De xeito continuo ao longo do proceso recollendo información daqueles aspectos que non funcionan ou sexa necesario mellorar, para facelo no momento se a situación o permite. Ao final de cada trimestre desenvolverase unha avaliación conxunta co alumnado sobre o desenvolvemento do módulo. Nesta, entre outros temas, recolleranse datos e contrastaranse co alumnado sobre a propia práctica docente. Teranse en conta os seguintes temas:

- Metodoloxía utilizada.
- Obxectivos específicos acadados en cada UD e nivel de asimilación dos contidos e procedementos que interveñen.
- Nivel de adquisición dos resultados de aprendizaxe logrados realmente polo alumnado en relación aos programados/esperados.
- Pertinencia dos criterios de avaliación programados.
- Actividades de aprendizaxe e de avaliación empregadas.
- Explicacións realizadas na aula/taller: idoneidade, adecuación, pertinencia
- Materiais e recursos utilizados.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente, Orde do 12 de xullo de 2011, no seu artigo 28: Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Para este módulo pasarase durante a primeira semana do curso, un cuestionario de avaliación inicial (sobre coñecementos previos, intereses e motivacións do noso alumnado) que se complementará cos datos proporcionados polo titor/a e datos de información de matrícula.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas. Cando



a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades, propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva dos resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 no seu artigo 15: "De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral".

De forma xeral neste módulo implantaranse, conforme ás necesidades detectadas, medidas de reforzo educativo, tanto curriculares como organizativas:

- Tendo en conta a posible discapacidade física dun alumno/a (xordeira, cegueira, deficiencia motórica,...), será necesaria a adecuación no acceso o currículo.
- Tamén poderán adecuarse compoñentes básicos do currículo (contidos, metodoloxía, recursos), incidindo directamente na programación, en base ás problemáticas concretas:
 - Adaptación no proceso de ensinanza-aprendizaxe aos ritmos e tempos tanto do grupo como individuais, axustando a temporalización das unidades didácticas.
 - Planificación de actividades para determinar cales son os coñecementos previos do alumnado antes de iniciar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.
 - Tendo en conta os intereses do alumnado na programación e funcionalidade das aprendizaxes.
 - Creación dun clima de respecto e tolerancia e valoración mutua.
 - Creación dun ambiente de traballo cooperativo, de axuda mutua, un grupo de traballo que integre a alumnas/os con diversidade de intereses, motivacións e capacidades.
 - Métodos alternativos de ensinanza-aprendizaxe.
 - Maior tempo para a consecución dos obxectivos
 - Actividades diversas diferenciadas en grao de dificultade e complexidade para traballar o mesmo contido.
 - Deseñar diferentes actividades e situacións para avaliar o mesmo contido.
 - Adaptando os instrumentos de avaliación ás necesidades e capacidades potenciais do alumnado.
 - Materiais adaptados ás súas necesidades.
 - Adecuación de espazos na aula que favorezan a mobilidade do alumnado e posibilite distintos tipos de traballo de forma simultánea e diferentes agrupamentos coa participación de todos os alumnos e alumnas

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo traballarase coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao noso traballo de aula-taller-obradoiro.

Para este módulo podemos destacar:



1. Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.
2. Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.
3. Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.
4. Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.
5. Educación para o consumo responsable: Fomentarase entre o alumnado un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres,...)
6. Interculturalidade: Traballando desde o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico e práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades complementarias e extraescolares decídense na primeira xuntanza de equipo docente e reféndanse na primeira reunión de departamento. Ao longo do curso poderán xurdir visitas a diferentes organizacións, empresas ou institucións, relacionadas co ámbito profesional do futuro técnico/a e charlas de expertos de centros de atención a persoas con diversidade funcional nas que participarán profesionais relacionados co sector produtivo da atención á dependencia.

10. Outros apartados

10.1) BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

FERNANDEZ BARUTEL L., ALMEIDA SANCHEZ, J.: Organización de la atención a las personas en situación de dependencia. Mc Graw Hill, Madrid. 2012